



CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E O DECANATO AUTONÓMICO DE GALICIA DO COLEXIO DE REXISTRADORES DA PROPIEDADE, MERCANTÍS E DE BENS MOBLES DE ESPAÑA PARA O ACCESO A PUBLICIDADE FORMAL GRATUÍTA NO MARCO DAS AXUDAS PARA FACER FRONTE ÁS CONSECUENCIAS ECONÓMICAS DERIVADAS DO COVID19.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adiante IGVS),

DECLARA:

Que o 15 de xullo de 2020 asínase o convenio entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo da Comunidade Autónoma de Galicia e o Decanato Autonómico de Galicia do Colexio de Rexistradores da Propiedade, Mercantís e de Bens Mobles de España para o acceso á publicidade formal gratuíta no marco das axudas para facer fronte ás consecuencias económicas derivadas do COVID19.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A determinación do marco de colaboración institucional entre o IGVS e o Colexio de Rexistradores a través do Decanato Autonómico de Galicia, en aras a optimizar a tramitación administrativa dos distintos expedientes en materia de axudas públicas ao aluguer motivadas polos efectos do COVID19.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

A Orde TMA/336/2020, do 9 de abril do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, ao obxecto de adaptar o Plan Estatal de Vivenda á situación provocada polo COVID19 puxo en marcha o Programa Estatal de axudas para contribuír a minimizar o impacto económico e social do COVID19 nos alugueres de vivenda habitual e Programa de axuda ás vítimas de violencia de xénero, persoas obxecto de desafiuamento da súa vivenda habitual, persoas sen fogar e outras persoas especialmente vulnerables.

No caso da Comunidade Autónoma de Galicia será o IGVS o encargado de tramitar e resolver os expedientes de concesión e pago das axudas deste programa e en orde ao adecuado control de acceso ás axudas considérase necesario establecer unha canle de acceso á información rexistral, axilizando o procedemento de obtención da mesma por parte do IGVS para que esta poida requirir dos Rexistros da





Propiedade sobre a posible titularidade de vivendas en todo o territorio nacional daquelas persoas que desexen acceder ás axudas de ámbito estatal ou autonómico.

O Colexio de Rexistradores da Propiedade, Mercantís e de Bens Mobles de España ten como fins, entre outros, colaborar coas Administracións Públicas e institucións, prestando os servizos e realizando as funcións que lles sexan propias en interese das mesmas. Dentro das súas funcións atópase a organización e levanza das bases de datos necesarias para realizar a función de publicidade instrumental, institucional, dereitos e situacións inscritas nos rexistros da propiedade, así como a expedición, de forma exclusiva, da publicidade formal. Como consecuencia do COVID19 os Rexistradores viñeron fornecendo as Notas de localización do Servizo de Índices de forma gratuíta ao colectivo de persoas en situación de vulnerabilidade durante o estado de alarma, colaboración que agora estenden aos solicitantes das axudas previstas no conxunto de programas de axudas citadas.

O Decanato Autonómico de Galicia, ten entre as súas funcións a de velar polos intereses dos Rexistradores no ámbito específico do seu territorio, así como aqueloutras competencias delegadas pola Xunta de Goberno do Colexio.

As partes que comparten idénticas razóns de interese público ao servizo da cidadanía, consideran establecer un instrumento de cooperación institucional mediante a forma de Convenio de Colaboración, excluindo o ánimo de lucro, e non podendo satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional referido, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase dixitalmente esta memoria.

